

RESOLUCIÓN DO REITOR DA UDC DO 12 DE MARZO DE 2020 POLA QUE SE ADOPTAN MEDIDAS PREVENTIVAS E DE CONTENCIÓN POLA CRISE XERADA POLO COVID-19

A situación de excepcionalidade provocada polo COVID-19 reclama do conxunto da comunidade universitaria unha actuación coordinada e responsable, acorde coas recomendacións e instrucións adoptadas polo comité de seguemento constituído na UDC.

É por iso que de conformidade co previsto no plan de continxencia, de acordo coas outras Universidades do Sistema Universitario Galego e seguindo as instrucións das autoridades sanitarias e educativas, esta Reitoría

RESOLVE

A suspensión desde o día 13 até o 30 de marzo das seguintes actividades:

- 1- Docencia presencial: incluíndo as actividades docentes prácticas que se desenvolven en organismos e institucións educativas e sanitarias. Suspendese as defensas de teses e TFM e TFG.
- 2- Extensión universitaria: incluíndo as actividades culturais e deportivas
- 3- Actividades científicas: incluíndo os cursos, xornadas, seminarios, congresos, conferencias, etc.
- 4- Actividades de formación continua do PAS e do PDI
- 5- Procesos selectivos.
- 6- Reunións presenciais dos órganos colexiados.

Mediante instrucións específicas regularase a adaptación das actividades académicas da universidade e, previa negociación coa representación dos distintos sectores da comunidade universitaria, adoptaranse medidas que permitan a conciliación da vida familiar, a adopción de sistemas de teletraballo, a flexibilización de quendas de traballo, etc. Estas medidas garantirán a continuidade e a regularidade dos diferentes servizos universitarios. Pecharanse as salas de estudo. As bibliotecas permanecerán abertas cunha ocupación máxima do 30% da súa capacidade.

Julio Abalde Alonso

Reitor